

Resolución reitoral pola que se nomea a un bolseiro de prácticas do Programa de “Campus Rural” procedente da listaxe de agarda.

Visto o punto 8 da Resolución reitoral de 2 de abril de 2025 da convocatoria de bolsas de prácticas do Programa “Campus Rural” no que se establece que as renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

Recibidas renuncias de beneficiarios das bolsas de prácticas do Programa “Campus Rural” e atopándose Mateo Pérez Alverte na listaxe de agarda,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Conceder unha bolsa de prácticas de dous meses de duración a Mateo Pérez Alverte con efectos económicos e administrativos de 1 de xullo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Natalia Caparrini Marín

